

CANTO DE NADAL DE FUMACES, Riós, Ourense.

EU UNHA PITIÑA TEÑO
CON DOCE PITOS TAMÉN
PRA LLE REGALAR Á VIRXE
QUE ESTÁ PARIDA EN BELÉN

FALAIME BEN BAIXO
PETAIME POUQUIÑO
PRA QUE NON ESPERTE
O NOSO MENIÑO

OS FILLOS DOS RICOS DORMEN
EN BOAS CAMAS DOURADAS
E O POBRE DO NOSO NENO
NUNHAS PALLIÑAS MOLLADAS

FALAIME BEN BAIXO
PETAIME POUQUIÑO
PRA QUE NON ESPERTE
O NOSO MENIÑO

EN BELÉN HAI MOITA FESTA
TOCAN PANDEIROS E GAITAS
VAMOS A BELÉN PASTORES
TOCANDO AS NOSAS FRAUTAS

FALAIME BEN BAIXO
PETAIME POUQUIÑO
PRA QUE NON ESPERTE
O NOSO MENIÑO